



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2024/C003/00009

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DO ESTUARIO DO ANLLONS.SEGUNDA LICITACIÓN.

Subv. Galp e Axencia de Turismo de Galicia

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e fórmulas aritméticas). [Tramitación urxente](#). Non suxeito a regulación harmonizada

Antecedentes:

1.- O 30/05/2023 o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Concello de Cabana de Bergantiños asinan un convenio en relación coa edificación coñecida popularmente como Capela de Sinde. Na cláusula primeira do dito convenio o Arzobispado cede ó concello o uso e disfrute da Capela de Sinde por un prazo de 29 anos con posibilidade de prórroga.

Na cláusula terceira do convenio se recolle a obriga do concello de executar todas as obras de rehabilitación "para o que poderá acudir a outras administración públicas a fin e conseguir financiación"

2- O 29/02/2024 asínase o decreto de solicitude de subvención ó GALP ao amparo da Orde da Consellería do Mar do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e convócanse as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A).

O concello presenta o proxecto de "Centro de interpretación medioambiental e de recepción de visitantes do estuario do Anllóns" redactado polo arquitecto D. Santiago Cotón Díaz, con un presuposto de 535.768,99 (IVE engadido).

O proxecto consiste na rehabilitación integral do edificio popularmente coñecido como Capela de Sinde.

3.-O 22/03/2024 asínase o Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Cabana de Bergantiños para a primeira fase da rehabilitación da capela de Sinde para centro de interpretación medioambiental e de recepción de visitantes do estuario do Anllóns.

O convenio establece as bases da colaboración para a primeira fase da rehabilitación da capela de Sinde para Centro de interpretación ambiental e recepción de visitantes do Anllons.A cláusula segunda do convenio recolle que a Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 145.000€.

4.- O 10/07/2024 o GALP da Costa da Morte notifica ó concello a concesión dunha subvención na porcentaxe de 37,32952% do total subvencionable(535.768,99 €).

A resolución establece os seguintes importes por anualidade:

ANUALIDADE 2024	26.354,76 €
ANUALIDADE 2025	173.645,24 €
TOTAL	200.000,00€



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

5.-O servizo técnico municipal indica que o proxecto está sometido as seguintes afeccións: Patrimonio Cultural.

O 26/06/2024 obtense a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia.Exp.800/24.

En dita resolución é favorable pero esixe unha pequena variación non substancial motivo polo que se adapta o proxecto.

O novo "Proxecto básico e de execución do Centro de interpretación medioambiental e de recepción de visitantes do estuario do Anllóns" é redactado polo arquitecto D. Santiago Cotón Díaz e xullo de 2024, cun orzamento de 535.768,99 (IVE engadido).

6- Tras a emisión dos informes preceptivos o 15/06/2024 apróbase o "Proxecto básico e de execución do Centro de interpretación medioambiental e de recepción de visitantes do estuario do Anllóns" é redactado polo arquitecto D. Santiago Cotón Díaz e xullo de 2024, cun orzamento de 535.768,99 (IVE engadido).

7.- Por providencia de alcaldía de 15 de xullo de 2024 acordouse incoar o procedemento de adjudicación do contrato sinalado mediante procedemento aberto, tramitación urgente, aprobando a Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2024 "(...) de xeito urgente o expediente do contrato administrativo da obra PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DO ESTUARIO DO ANLLONS, mediante procedemento aberto, tramitación urgente e varios criterios de adjudicación".

Publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector público o 17 de xullo de 2024, non se presentaron ofertas, acordando a Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2024 declarar deserto o procedemento.

8.- Dado o valor que terá o edificio unha vez rehabilitado e a necesidade de recurrir a contratación externa, decídese incoar novamente o expediente de contratación.

9.- Na memoria do proxecto técnico citado se especifica a necesidade a satisfacer coas actuacións descritas, así como a natureza e extensión das mesmas.

10.- Consta así mesmo Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade e idoneidade da contratación, así como da eficiencia económica da mesma

11- Consta a Declaración de urgencia do expediente de 07/08/2024.

12.-Dado que se manteñen os pregos de contratación do anterior expediente (2024/C003/000007) e tendo en conta as datas e o período vacacional, incorpóranse ó presente os seguintes documentos sen necesidade de nova evacuación :

- A Acta de replanteo previo sobre a realidade xeométrica dos terreos e dispoñibilidade de 15/07/2024.

- O informe técnico en relación cos seguintes extremos:

- a) A clasificación (non esixible para a execución da obra) a efectos de acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional.
- b) Non é preciso que o proxecto técnico se someta a supervisión.
- c) Que se trata dunha obra completa.
- d) Dispoñibilidade dos terreos afectados pola actuación.
- e) Adecuación á normativa urbanística das obras e compatibilidade do uso das mesmas respecto da clasificación urbanística do solo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

13.- Consta documento contable de retención de crédito no expediente con cargo á partida orzamentaria de gastos 933.609.00

Examinada a documentación que a acompaña, **RESOLVO:**

Primeiro: Incoar o procedemento de adxudicación do contrato de **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL E DE RECEPCION DE VISITANTES DO ESTUARIO DO ANLLONS.SEGUNDA LICITACIÓN**

Segundo: Establecer o procedemento **procedemento aberto**, tramitación **urxente**, fixando como criterios de adxudicación e negociación os fixados nos Pregos tipo da Deputación Provincial da Coruña e os seus anexos coa ponderación establecida na Memoria Xustificativa da contratación.

Terceiro: Incorporar ó presente expediente os documentos existentes no anterior :

- Acta de replanteo.
- Informe técnico sobre a contratación
- Anexo V de medios materiais e persoais

Cuarto: Requírese a seguinte documentación:
- Prego de cláusulas administrativas particulares

Quinto: Remitir o expediente á Intervención e Secretaría municipais, para emisión dos informes preceptivos.

Sexto: Informar de todo o actuado á Xunta de Goberno local, para resolver o que proceda.

En Cabana de Bergantiños, na data da sinatura dixital.

**O Alcalde,
José Muíño Domínguez**